

Dilixencia de secretaría: Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2022-0990.

OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO
“REHABILITA SALCEDA”
Selección Alumnado- traballador

Primeira.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Estas bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección da persoa que será contratada, como persoal administrativo para o proxecto denominado “REHABILITA SALCEDA”, que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaoto ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Este obradoiro está cofinanciado pola Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG núm. 46, do 08.03.2022 e promovido polo concello de Salceda de Caselas (Pontevedra).

Respéctanse polo tanto o establecido na Resolución de concesión da subvención, e as instrucións de data 26/04/2022, en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos Programas de emprego para persoas mozas e obradoiros duais de emprego.

CONCEPTUALIZACIÓN DO POSTO

- **Número de vacantes: 20**

Especialidade 1: Nivel 2 - 20 alumnos traballadores:

- OPERACIÓNS AUXILIARES DE REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCIÓN (EO0109) (certificado de profesionalidade completo).
- FÁBRICAS DE ALBANELERÍA (EOCB0108) (certificado de profesionalidade completo).
- OPERACIÓNS AUXILIARES DE ALBANELERÍA DE FÁBRICAS E CUBERTAS (EOCB0208) (certificado de profesionalidade completo).

- REVESTIMENTOS CON PASTAS E MORTEIROS EN CONSTRUCCIÓN (EOCB0210), (MF1938_2).

- **Categoría profesional:** Alumno- traballador
- **Grupo cotización:** 10
- **CNAE:** CNAE
- **OCUPACIÓN AT/EP:** ----
- **Xornada laboral:** completa
- **Duración:** 12 meses
- **Retribucións:** Salario mínimo interprofesional anualmente establecido, incluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias

2. RELACIÓN XURÍDICA DOS ALUMNOS-TRABALLADORES PARTICIPANTES COA ENTIDADE PROMOTORA

Desde o inicio da súa participación no programa de Emprego para persoas mozas, as persoas seleccionadas nas prazas de alumnado-traballador serán contratadas mediante a modalidade de contrato de formación en alternancia.

Os contratos de traballo serán a xornada completa e cunha duración de doce meses (non poderán exceder en ningún caso a data de remate do obradoiro de emprego).

A relación laboral rexeráse polo disposto no artigo 11.2 e Disposición Adicional segunda do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Lei 63/97 do 26 de decembro así como polo disposto na Orde da Consellería de Emprego e Igualdade do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (DOG núm. 46, do 08.03.2022).

Como referencia, o alumnado-traballador percibirá, como salario bruto mensual, o Salario Mínimo interprofesional establecido, **1.000,00 € mensuais**, máis as pagas extras que correspondan, para o ano 2022.

3.- OBRIGAS DAS PERSOAS SELECCIONADAS

- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas básicas e complementarias no caso de que non posuír a titulación do Graduado Escolar ou Graduado en ESO.
- Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.

4.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para tomar parte neste proceso selectivo todas as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

4.1. Requisitos xerais:

a) Nacionalidade: ter nacionalidade española. Tamén poderán participar as persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea; as persoas calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sempre que non estean separados de dereito ; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas ca nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores; e as demais persoas estranxeiras con residencia legal en España.ç

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécense a igualdade de condicións das persoas con discapacidade coas demais persoas aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

c) Habilitación: non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos a acceso ao emprego público.

d) Compatibilidade: Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

e) Adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.



4.2. Requisitos específicos:

1. Ter 18 ou máis anos de idade.
2. Estar desempleado, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
3. Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.
4. Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados. En caso de que unha especialidade teña certificados de profesionalidade de niveles distintos, a persoa candidata deberá cumprir cos requisitos de acceso do nivel máis alto.
5. No caso de que a persoa candidata houberse participado con anterioridade noutro taller de emprego e posúa xa un certificado de profesionalidade, poderá optar á selección a condición de que a formación que se vaia a impartir neste novo taller correspóndase cun certificado de profesionalidade distinto.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

4.3. Requisitos preferentes: _

- As mulleres vítimas de violencia de xénero incorporadas e beneficiarias do programa de fomento de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia, debidamente xustificada (Orde do 2 de maio de 2006-DOG do 10 de maio de 2006) terán prioridade absoluta na selección.
- Seleccionaranse preferentemente a persoas que tendo previsto a realización deste tipo de medida no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como:
 - Emigrantes retornados
 - Mulleres en xeral.
 - Mulleres vítimas de violencia.
 - Persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego.

- Persoas paradas de longa duración.
 - Persoas maiores de 45 anos.
 - Persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3.
 - Persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos.
 - Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.
- Daresa preferencia ás persoas candidatas que non tiveran participado anteriormente nunha escola obradoiro ou obradoiro de emprego.

4.4. Causas de exclusión:

- Incumprir os requisitos mínimos
- Falta de documentación acreditativa.
- Falsear os datos da solicitude (cuestionario).
- A expulsión doutro programa de formación en alternancia co emprego.
- Estar en posesión dalgún dos certificados de profesionalidade que se van a impartir no Obradoiro de Emprego.
- Estar participando noutro programa mixto de emprego e formación no momento da selección.

5. PUBLICIDADE DO PROCESO.

As presentes bases reguladoras do proceso de selección do alumnado –traballador e unha vez aprobadas pola entidade promotora expóranse ao público no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello de Salceda de Caselas. Ademais, enviaranse á oficina de emprego e tamén serán remitidas á Xefatura Territorial correspondente.

Todas as fases do proceso se darán a coñecer no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e na páxina web do Concello de Salceda de Caselas.

Rematado o procedemento de selección a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á Xefatura territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas como, persoal directivo, docente e administrativo de apoio.

Asemade, os obradoiros de emprego concedidos serán obxecto de difusión a través do Portal de Emprego de Galicia (emprego.xunta.gal).

6. PROCESO DE SELECCIÓN.



PRESELECCIÓN.

- Proceso de preselección:

O concello de Salceda de Caselas é o órgano responsable de tramitar unha oferta de emprego tramitada na oficina de Emprego de O Porriño por cada unha das especialidades no Servizo Público de Emprego de Galicia, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas a través do órgano de selección.

Parámetros da oferta:

Sistema de selección: Oferta de emprego.

Localidades: Concello de Salceda de Caselas.

Idade mínima: 18 anos.

Situación Laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que poidan subscribir contrato de formación e aprendizaxe nas especialidades impartidas.

Candidaturas: 3 por praza, de ser posible.

Asemade priorizaranse as persoas demandantes que teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como: as persoas emigrantes retornadas; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas paradas de longa duración; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

No caso de que a persoa candidata participara con anterioridade noutro obradoiro de emprego e posúa xa un certificado de profesionalidade, poderá optar á selección sempre e cando a formación que se vaia impartir neste novo programa de emprego se corresponda cun certificado de profesionalidade distinto.

- Proceso de selección:

O sistema de selección das persoas candidatas será o concurso-oposición.

Realizada a sondaxe por parte da oficina de emprego, esta comunicará ás persoas candidatas a forma, lugar e prazo na que deberán presentar no Concello de Salceda de Caselas a seguinte documentación:



- SOLICITUDE (Anexo I), debidamente cuberta e asinada.
- Fotocopia do DNI
- Documentación necesaria que acredite o cumprimento dos requisitos necesarios establecidos na base cuarta e aquela outra que xustifique os criterios que se valoren na fase de baremación, tales como:
 - Acreditación da maior titulación académica adquirida.
 - Vida Laboral actualizada
 - Se é o caso, acreditación das competencias clave adquiridas.
 - Se é o caso, acreditación do seu grao e tipo de discapacidade.
 - Se é o caso, acreditación da axuda ou prestación por desemprego
 - Se é o caso, informe de servizos sociais acreditativo de pertenza a colectivo desfavorecidos ou en risco de exclusión social.
 - Se é o caso, certificado da oficina de emprego de ter previsto no seu IPI a realización deste tipo de medida
 - Se é o caso, copia do libro de familia ou do certificado de familia monoparental.

Serán motivos de exclusión do proceso de selección:

- A non presentación na hora e lugar indicados.
- Non cubrir ou non entregar a SOLICITUDE de participación.
- Non presentar a documentación requirida.

Para resolver e atender calquera dúbida, o día ou días da presentación de solicitudes e recollida de documentación estará presente, polo menos, un integrante do Tribunal de selección que se nomee para este procedemento.

Comprobados os requisitos, a lista de persoas candidatas que pasan á fase de entrevista e baremación exporase no taboleiro de anuncios da propia entidade promotora, publicarase na Sede Electrónica (<https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>), e na páxina www.salcedadecaselas.gal Indicarase, igualmente, o lugar, data e hora na que se convocarán para as probas de selección correspondentes.

Por outra banda, se, unha vez avaliadas as solicitudes e comprobados os requisitos, quedan menos de dúas persoas por praza, o Tribunal de selección poderá solicitar novos persoas candidatas á oficina de emprego para contar con dúas persoas por praza nesta fase de entrevista, co fin de garantir a correcta selección dos participantes.

As bases que regulan o proceso selectivo e toda a documentación informativa que se elabore con respecto a esta convocatoria tamén estarán expostas, cando menos, no taboleiro de anuncios do Concello de Salceda de Caselas, podendo ser consultadas en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres en días laborables, así como na Sede Electrónica (<https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>),

6. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal de selección axustase ao establecido nos artigos 60 e 61 do Estatuto Básico do Empregado Público, e estará integrado por cinco membros: un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe a Presidencia.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ningún.

A composición dos tribunais será fundamentalmente técnica e os seus membros deberán estar en posesión de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas. Así mesmo, poderán ser designados membros suplentes do Tribunal de selección, cos mesmos requisitos.

Tódolos membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal encargarse da elección dos candidatos e candidatas mellor valorados e coordinará o desenvolvemento de todo o proceso de selección. Igualmente, queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.

7. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN:

7.1. Sistema de selección

O sistema de selección constará de dúas fases:

- Entrevista persoal
- Fase de baremación- concurso.

7.2. Entrevista

A entrevista persoal terá como obxecto avaliar o interese das persoas candidatas en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar. **Terá un valor máximo de 30 puntos.**



As puntuacións da fase de entrevista, publicarase no taboleiro da Sede Electrónica do concello (<https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal/>) e de forma complementaria no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na páxina web www.salcedadecaselas.gal.

7.3. Baremación de Méritos

A fase de baremación consistirá nunha avaliación das circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas, presentadas por medio do seguinte baremo obxectivo .

Situacións que se valorarán:

a) Mulleres:

a. Mulleres vítimas de violencia de xénero: 2 puntos

(Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero Artigo 5 Acreditación da situación de violencia de xénero. Aos efectos da presente lei, a situación de violencia acreditaráse por calquera das seguintes formas:

a) Certificación da orden de protección ou da medida cautelar, ou testemuña ou copia autenticada pola secretaria ou o secretario xudicial da propia orden de protección ou da medida cautelar.

b) Sentencia condenatoria na orden penal por homicidio ou asesinato das fillas ou fillos da muller, así como de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por quen sexa ou fora o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia ou calquera outro documento que acredite a violencia vicaria; así como as demais sentencias de calquera orden xurisdiccional que declaren que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.

Letra b) do artigo 5 redactada polo número Catro do artigo único da Lei 14/2021, 20 xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, 27 xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero («D.O.G.» 28 xullo). Vixencia: 29 xullo 2021

c) Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/o sanitarios da Administración pública autonómica ou local.

d) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.

e) Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.

f) Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.

g) Calquera outras que se establezan regulamentariamente.)



b. Mulleres non puntuadas no apartado anterior: 1 punto

b) Idade:

- a. De 18 a 29 anos: 1 punto
- b. De 30 a 44 anos: 2 punto
- c. Maiores o igual a 45 anos: 3 puntos

c) Persoas con discapacidade

- a. Certificado de discapacidade maior de 33%: 1 punto

d) Protección por desemprego: Terán que acreditarlo cun Certificado do Servizo Público de Emprego

- a. Persoas que sexan perceptores de desemprego: 1 punto
- b. Persoas que sexan perceptoras de subsidios: 2 puntos
- c. Persoas non perceptoras de desemprego nin de subsidios: 3 puntos

e) Tempo de desemprego dende o último traballo: acreditarase coa Vida Laboral actualizada

- a. Menos de 12 meses: 1 punto
- b. De 12 a 18 meses: 2 puntos
- c. Máis de 18 meses: 3 puntos

f) Experiencia profesional previa: acreditarase coa Vida Laboral actualizada

- a. Autónomos: 0 puntos
- b. Grupo de cotización do 1 ao 7: 0 puntos
- c. Grupo de cotización do 8 ao 9: 1 puntos
- d. Grupo de cotización 10: 2 puntos
- e. Sen emprego anterior: 3 puntos

g) Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social: acreditarase mediante certificación dos Servizos Sociais do concello respectivo ou do Servizo de Prestacións, Inclusión e Inmigración da Consellería de Política Social,...)

- a. Perceptores de RISGA e aqueles aos que lle fose denegada unha solicitude, ben por falta do período esixido de residencia ou empadroamento, ou ben por esgotar o período máximo de percepción legalmente establecido; drogodependentes rehabilitados acreditados; ex-reclusos; persoas que abandonaron o exercicio da prostitución; traballadores inmigrantes residentes da comunidade; emigrantes retornados con graves necesidades familiares ou persoais; persoas que estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica; persoa que formen parte de minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social e aquelas outras que presenten certificado de Servizos Sociais do seu concello no



que acrediten que está en situación desfavorecida ou en risco de exclusión social: 1 punto

h) Responsabilidades familiares/unidade familiar de convivencia (entendéndose por elas a existencia dunha unidade familiar na que a persoa candidata teña ao seu cargo ao cónxuxe, fillos/as menores de 25 anos ou maiores incapacitados ou menores acollidos. Para a consideración dos dous membros dunha parella de feito como integrantes dunha unidade familiar deberán presentar certificación da súa inscrición nos rexistros específicos existentes na comunidade autónoma ou concellos onde residan e no suposto da inexistencia de dita inscrición, mediante documento público no que conste a constitución de dita parella).

A acreditación da familia monoparental realizarase mediante a presentación do certificado expedido pola Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia. A documentación acreditativa da unidade familiar será a copia do libro de familia e no seu caso, sentenza xudicial de garda e custodia.

Unidade familiar de 4 ou máis membros 1 punto.

Monoparental con fillo/s 1 punto.

i) Formación académica:

a. Persoas con estudos ata graduado de ESO: 3 puntos

b. Persoas con estudos de bacharelato/BUP e FP ciclo medio: 2 puntos

c. Persoas con títulos universitarios e de FP grao superior: 1 punto

j) Outros:

a. Persoas que presenten certificado de ter previsto a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario de Inserción Profesional (IPI): 2 puntos

A puntuación máxima desta fase será de 20 puntos.

A declaración provisional das puntuacións desta segunda fase farase nunha sesión do tribunal de selección. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que figurarán as puntuacións provisionais outorgadas segundo o baremo. Exporase a relación provisional destas puntuacións no taboleiro da sede electrónica do Concello de Salceda de Caselas, da oficina de emprego e da xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade e na sede electrónica do Concello de Salceda de Caselas (<https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal/>). Nesta relación figurará o día que se concede para formular alegacións á valoración segundo o baremo e a data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

7.4. Puntuación final das persoas candidatas

O tribunal de selección, unha vez rematadas as fases de selección descritas no anterior apartado, establecerá as puntuacións finais das persoas candidatas (tendo en conta que a puntuación máxima será de 50 puntos e virá dada pola suma dos puntos acadados en

cada fase) e a súa cualificación en base ás seguintes posibilidades: titular da especialidade, suplente, non seleccionado, non presentado.

Da sesión estenderase a correspondente acta de selección.

A listaxe de admitidos/as para participar no Obradoiro dual de Emprego, será publicada na sede electrónica do Concello de Salceda de Caselas (<https://salcedadecaselas.sedelectronica.gal/>), e de forma complementaria será exposta nos taboleiros do Concello de Salceda de Caselas e da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe.

8. CRITERIOS PARA DIRIMIR POSIBLES EMPATES

Os criterios para dirimir os empates, no proceso de selección, dos participantes no proxecto formativo como alumnos-traballadores, serán de forma preferente:

- a) Non haber participado nunca nun Obradoiro de Emprego
- b) A menor cualificación profesional.
- c) Maior tempo acreditado como persoa demandante de emprego.
- d) A idade, tendo preferencia a persoa menor.

9. LISTA DE RESERVA

A lista de reserva estará integrada polas persoas candidatas que se presentasen ao proceso de selección e que nas cualificacións finais figuren como SUPLENTE, ordenadas segundo a puntuación final e os criterios establecidos no anterior apartado.

Esta lista empregarase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polos inicialmente seleccionados.

No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa incorporación ao proxecto formativo, procederase a iniciar un novo procedemento selectivo.

10. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos persoais recadados nestas bases serán tratados na súa condición de responsable polo Excelentísimo Concello de Salceda de Caselas coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión destas bases.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha das bases.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a una materia.

A fin de dar a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a o Concello de Salceda de Caselas, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, mediante os procedementos a disposición o público nas dependencias do Concello de Salceda de Caselas.

11. MEDIDAS DE PREVENCIÓN E SEGURIDADE APLICABLES A CAUSA DO COVID-19

Todo o proceso será levado a cabo coas medidas de seguridade precisas para manter o distanciamento e hixiene necesarias para evitar calquera tipo de contaxio do Covid-19, para o cal as persoas candidatas serán informados de maneira precisa sobre os protocolos de seguridade a aplicar en todo momento e deberán seguir as recomendacións establecidas .

Ao mesmo tempo, en todo o proceso se debe evitar a aglomeración de persoas dentro de espazos pechados, para o que o Tribunal poderá establecer quendas na realización das probas pertinentes, en distintos horarios e días.

Na medida en que sexa posible e sempre que o Tribunal de selección así o acorde, as reunións, sesións do tribunal e entrevistas poderán facerse de xeito virtual utilizando medios telemáticos de tal maneira que o tribunal pode facer uso das aplicacións informáticas a súa disposición para o desenvolvemento de calquera fase do proceso selectivo.

12. REALIZACIÓN RECOÑECIMENTO MÉDICO.

Unha vez finalizado o proceso selectivo, as persoas candidatas propostos para a contratación deberán someterse obrigatoriamente ao recoñecemento médico que estableza o Concello de Salceda de Caselas, co resultado de apto/a para o posto, antes da formalización do contrato, así como tamén estará obrigada a realización da Declaración responsable para a valoración de traballadores especialmente sensibles fronte o COVID-19.

13.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS:



De conformidade co previsto polo artigo 14º da Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG nº 46 do 8-03-2022), non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

O Tribunal de Selección será o encargado de resolver as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección establecido nestas bases, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DO ALUMNADO -TRABALLADOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "REHABILITA SALCEDA"

Nome e apelidos			
DNI / NIE		Data nacemento	
Enderezo			
Concello		CP	
Teléfono fixo		Teléfono móbil	
Correo electrónico			

MANIFESTA:

- 1.- Que coñece e acepta as bases que van rexer o proceso de selección do alumnado-traballador do Obradoiro dual de emprego "REHABILITA SALCEDA"
- 2.- Que está interesado/a en participar no proceso selectivo indicado.
- 3.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección
- 4.- Que está inscrito/a no Servizo Público de Emprego de Galicia e dispoñible para o emprego
- 5.- Que achega a seguinte documentación:

- Copia de DNI ou equivalente
- Informe de vida laboral actualizado
- Copia dos documentos que acreditan os requisitos mínimos e os méritos baremados na base 7.3 e que relacionan a continuación:

Por todo o exposto,



SOLICITA que se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido/a ao proceso selectivo de alumno/a- traballador/a

En _____, _____ de _____ de 2022

Asdo.: _____

ALCALDESA DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable do Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Salceda de Caselas; dpd@salcedadecaselas.gal

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas da prestación do servizo.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓN: O Concello de Salceda de Caselas non cederá os seus datos de carácter persoal

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O Concello de Salceda de Caselas dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade